



## A LA MESA DEL CONGRESO

EL GP MIXTO, a instancia del diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, al amparo de lo dispuesto en el artículo 184.2 del Reglamento del Congreso de los Diputados en vigor, presenta la siguiente **MOCIÓN CONSECUENCIA DE INTERPELACIÓN** al Gobierno relativa a las actuaciones necesarias y urgentes que precisa el transporte ferroviario en Galicia para su debate en el PLENO.

Madrid, a 10 de septiembre de 2025

**Néstor Rego Candamil**

Diputado del BNG

Portavoz Adjunto del Grupo Mixto



## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia sufre un déficit histórico en materia de infraestructuras, motivo por el cual lograr las inversiones necesarias para reducir la brecha en materia de transporte y movilidad es una prioridad para el BNG y para todos los gallegos y gallegas.

Las políticas de transporte del futuro pasan necesariamente por una apuesta decidida por el transporte ferroviario, ya que permite una movilidad sostenible, eficaz y eficiente, a la vez que facilita una transición climática que garantice la cohesión social, y además puede ayudar a mejorar la competitividad económica y a mantener una adecuada vertebración del territorio.

Entre las muchas actuaciones necesarias para la mejora y modernización del sistema ferroviario gallego, el BNG ha recogido las más urgentes y las ha situado en la agenda política del Gobierno, incorporándolas a los acuerdos de investidura.

Así, cabe destacar la implantación de un servicio ferroviario de proximidad en las principales ciudades gallegas, aprovechando las infraestructuras existentes y creando aquellas nuevas que fueran necesarias, así como recuperando apeaderos y estaciones actualmente en desuso, además de dotarlas de las conexiones, frecuencias, horarios y tarifas necesarias para fomentar su uso. En este punto, cabe destacar que el estudio para su implantación ya se ha iniciado y, según anunció durante la interpellación el propio Ministro de Transportes, está casi concluido. Sin embargo, debemos recordar que parte del compromiso también fue la puesta en marcha de los servicios de forma efectiva antes del final de la legislatura.

Asimismo, resulta imprescindible actualizar y modernizar el conjunto de la red ferroviaria interior gallega. En esta materia ya se han realizado algunas de las actuaciones comprometidas, como avanzar en el estudio de la variante de Betanzos, iniciar el estudio de



la conexión ferroviaria entre Lugo y Santiago o la mejora del tramo entre Lugo, Monforte y Ourense. Sin embargo, todavía quedan muchas otras líneas o tramos que requieran de inversión, como la línea A Coruña – Ferrol, donde es preciso planificar obras para su electrificación y desdoblamiento, así como la modernización de la línea entre Vigo y la frontera portuguesa, la mejora de la línea de ancho métrico entre Ferrol y Ribadeo, tanto en la plataforma como en el material rodante, o la aceleración de las obras de la Salida Sur de Vigo.

Además, debe considerarse crucial completar a la mayor brevedad posible, las obras del Corredor Atlántico de Mercancías en Galicia, para lo cual deben completarse, como mínimo, las obras del eje Ourense–Monforte–Lugo, ya bastante avanzadas aunque acumulan un retraso considerable, así como el tramo León–Monforte y la electrificación y las mejoras necesarias en los tramos convencionales del Eje Atlántico. Asimismo, para permitir la intermodalidad entre el transporte de mercancías por carretera y por ferrocarril, es necesario impulsar las autopistas ferroviarias en Galicia.

Además, también deben llevarse a cabo avances en los servicios y no solo en las infraestructuras, empezando por el aumento de frecuencias y la adaptación de los horarios, garantizando la movilidad de la ciudadanía, especialmente en el Eje Atlántico, una de las líneas más rentables de todo el estado y en las conexiones con Ourense. Comenzando con la recuperación de todas las frecuencias suspendidas durante la pandemia.

En este ámbito y, especialmente, en relación al Eje Atlántico y Ourense – Santiago, es necesario también aumentar el número de plazas disponibles, especialmente en los días de mayor demanda y mejorar la fiabilidad de los servicios, implantando el Plan de Puntualidad comprometido además de mejorar la información que se facilita a los usuarios y usuarias cuando se producen retrasos o averías.

Por otro lado, es necesario revisar el actual sistema de bonificaciones tarifarias ya que es claramente discriminatorio con Galicia al no disponer de un servicio de Cercanías en el que se aplica una tarifa plana de 20 €. Así, además de no disponer del servicio, los usuarios y usuarias gallegas tienen que pagar mucho más, por ejemplo, cinco veces más en el tramo A Coruña-Santiago o hasta diez veces más en el tramo A Coruña-Vigo, para trayectos similares en kilómetros a los del servicio de Cercanías de Madrid. Vigo-Pontevedra, con poco más de 20 km, cuesta 2,5 veces más. Por eso reclamamos que se adapte el sistema de bonificaciones para que en un país como Galicia, sin tren de proximidad, no salgamos aún más perjudicados. Se trata de una medida que favorecerá a las personas usuarias y ayudará a



seguir fomentando el uso del transporte ferroviario.

**Por todo lo expuesto anteriormente, el Bloque Nacionalista Gallego presenta la siguiente MOCIÓN:**

«El Congreso insta al Gobierno a:

1. Finalizar el estudio para la implantación del tren de cercanías en Galicia e iniciar el proceso para la implantación de los servicios de ‘cercanías’ en Galicia.
2. Continuar con las actuaciones de actualización y modernización de la red ferroviaria interior gallega, comenzando por la línea A Coruña – Ferrol, A Coruña – Lugo, Vigo – frontera portuguesa, la Salida Sur de Vigo para la alta velocidad y la mejora de la línea de ancho métrico entre Ferrol y Ribadeo.
3. Finalizar el estudio para la conexión ferroviaria entre Lugo y Santiago y mejorar los servicios y conexiones disponibles en Lugo.
4. Completar las obras del Corredor Atlántico de Mercancías.
5. Impulsar las autopistas ferroviarias en Galicia y la intermodalidad carretera-ferrocarril.
6. Completar las obras pendientes de ejecución del AVE, en particular la finalización de la variante de Ourense y el desdoblamiento de los tramos de vía única.
7. Aumentar las frecuencias y plazas, además de revisar y adaptar los horarios, asegurando la movilidad de la ciudadana, especialmente en el Eje Atlántico y en las conexiones con Ourense.
8. Recuperar todas las frecuencias ferroviarias suspendidas durante la pandemia en Galicia.
9. Aplicar el Plan de Puntualidad para mejorar la fiabilidad del servicio así como la información que se facilita a las personas usuarias en caso de retraso o avería.
10. Aplicar la tarifa plana bonificada de cercanías en aquellos tramos de media distancia en Galicia que por distancia o tiempo son equiparables para evitar la discriminación que implica carecer aún de ese servicio.



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

11 SEP. 2025 15:17:08

Entrada 79125

## MOCIÓN CONSECUENCIA DE INTERPELACIÓN URXENTE

Competencia  
Tipo Expediente

Otros Expedientes  
300-Escrito en lengua  
española distinta del  
castellano, oficial en  
Comunidad Autónoma (art.  
92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Portavoz adjunto



## Á MESA DO CONGRESO

O GP MIXTO, a instancia do deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, ao abeiro do disposto no artigo 184.2 do vixente Regulamento do Congreso dos Deputados, presenta a seguinte **MOCIÓN CONSECUENCIA DE INTERPELACIÓN** ao Goberno **relativa ás actuacións necesarias e urxentes que precisa o transporte ferroviario na Galiza** para o seu debate en PLENO.

Madrid, a 10 de setembro de 2025

A handwritten signature in blue ink, appearing to read "Néstor Rego Candamil".

**Néstor Rego Candamil**

Deputado do BNG

Portavoz Adxunto do Grupo Mixto



## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Galiza padece un déficit histórico en materia de infraestruturas, motivo polo que, lograr os investimentos necesarios para reducir a fenda en materia de transportes e mobilidade, é unha prioridade para o BNG e para o conxunto dos galegos e galegas.

As políticas de transporte do futuro pasan, necesariamente, por unha aposta decidida polo transporte ferroviario, pois este permite unha mobilidade sustentábel, eficaz e eficiente, ao tempo que facilita unha transición climática que garante a cohesión social, máis que tamén pode axudar a mellorar a competitividade económica e a manter unha adecuada vertebración do territorio.

Dentro das moitas actuacións necesarias para a mellora e modernización do sistema ferroviario galego, o BNG recolleu as más urxentes e situounas na axenda política do Goberno, incorporándooas dentro do acordos de investidura.

Así, cabe destacar a implantación dun servizo de proximidades ferroviarias nas principais cidades galegas, aproveitando as infraestruturas existentes e creando aquelas novas que foren necesarias, así como recuperando apeadoiros e estacións agora en desuso, ademais de dotalas das conexións, frecuencias, horarios e tarifas necesarias para fomentar o seu uso. Neste punto, cabe destacar que foi iniciado o estudio para a súa implantación que, tal e como anunciou durante a interpelación o propio Ministro de Transportes, está case rematado. Porén, debemos lembrar que formaba parte tamén do compromiso a posta en marcha dos servizos de forma efectiva antes do final da lexislatura.

Así mesmo, resulta imprescindible actualizar e modernizar o conxunto da rede interior ferroviaria galega. Nesta materia téñense xa realizado algunas das actuacións comprometidas, como avanzar no estudio do bypass de Betanzos, iniciar o estudio da conexión ferroviaria entre Lugo e Santiago ou a mellora do tramo entre Lugo, Monforte e Ourense. Porén restan áinda moitas outras liñas



ou tramos que precisan de investimentos como a liña A Coruña – Ferrol na que é preciso prever obras para a súa electrificación e desdobramento, así como tamén a modernización da liña entre Vigo e a Fronteira Portuguesa, a mellora da liña de ancho métrico entre Ferrol e Ribadeo -tanto na plataforma como no material rodante- ou a aceleración dos traballos da Saída Sur de Vigo.

Ademais, debe considerarse fulcral completar á maior brevidade posíbel, as obras do Corredor Atlántico de Mercadorías na Galiza, para o que deben finalizarse, no mínimo, as obras do eixo Ourense–Monforte–Lugo, xa bastante avanzadas áinda que acumulando un retraso considerábel, así como o tramo León–Monforte e a electrificación e as melloras precisas nos tramos convencionais do Eixo Atlántico. Así mesmo, para permitir a intermodalidade entre o transporte de mercadorías por estrada e os camiños de ferro, é preciso impulsar na Galiza as autoestradas ferroviarias.

Alén do mais, os avances deben acometerse tamén nos servizos e non só nas infraestruturas, comezando polo incremento das frecuencias e a adaptación dos horarios asegurando a mobilidade da cidadanía, especialmente no Eixo Atlántico, unha das liñas más rendíbeis de todo Estado e nas conexións con Ourense. Comezando coa recuperación de todas as frecuencias suspendidas durante a pandemia.

Neste ámbito e, especialmente, no referido ao Eixo Atlántico e Ourense – Santiago é preciso tamén incrementar o número de prazas dispoñíbeis, especialmente nos días de máis demanda e mellorar a fiabilidade dos servizos, pondo en marcha o Plan de Puntualidade comprometido ademais de mellorar a información que se facilita aos usuarios e usuarias cando se producen atrasos ou avarías.

Por outro lado, é preciso revisar o actual sistema de bonificación tarifaria pois é claramente discriminatorio coa Galiza por non contar con servizo de ‘Cercanías’ en que se aplica unha tarifa plana de 20 €. Así, para alén de non ter o servizo, os usuarios e usuarias galegas teñen que pagar moito máis, por exemplo, cinco veces máis no tramo A Coruña-Santiago ou até dez veces máis no tramo A Coruña-Vigo, por traxectos similares en quilómetros aos de ‘Cercanías’ de



Madrid. Vigo-Pontevedra, con pouco máis de 20 Km, paga 2,5 veces máis. Por iso reclamamos adaptar o sistema de bonificación para que nun País como a Galiza, sen tren de proximidade, non saímos aínda máis prexudicados. Trátase dunha medida que favorecerá as persoas usuarias e axudará a seguir fomentando o uso do transporte ferroviario.

**Por todo o exposto anteriormente, o Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte MOCIÓN:**

“O Congreso insta o Goberno a:

1. Terminar o estudo para a implantación do tren de proximidade na Galiza e iniciar o proceso para a implantación dos servizos de ‘cercanías’ na Galiza.
2. Continuar as actuacións para a actualización e modernización da rede ferroviaria interior galega a comezar pola liña A Coruña – Ferrol, A Coruña – Lugo, Vigo – Fronteira Portuguesa, a Saída Sur de Vigo para a alta velocidade e a mellora da liña de ancho métrico entre Ferrol e Ribadeo.
3. Finalizar o estudo para a conexión ferroviaria entre Lugo e Santiago e mellorar os servizos e conexións dispoñíbeis en Lugo.
4. Completar as obras do Corredor Atlántico de Mercadorías.
5. Impulsar as autoestradas ferroviarias na Galiza e a inter-modalidade estrada-camiños de ferro.
6. Rematar as obras pendentes de execución no AVE, particularmente a finalización da variante de Ourense e desdobramento dos tramos de vía única.



7. Incrementar as frecuencias e prazas, ademais de revisar e adaptar os horarios asegurando a mobilidade da cidadanía, especialmente no Eixo Atlántico e nas conexións con Ourense.
8. Recuperar todas as frecuencias ferroviarias suspendidas durante a pandemia na Galiza.
9. Aplicar o Plan de Puntualidade para mellorar a fiabilidade do servizo así como a información que se facilita ás persoas usuarias en caso de demora ou avaría.
10. Aplicar a tarifa plana bonificada de cercanías naqueles tramos de media distancia na Galiza que por distancia ou tempo son equiparábeis para evitar a discriminación que implica carecer ainda dese servizo.